

Concello de Covelo

Expte. n.º: 25/2025

DECRETO DE ALCALDÍA

D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO, Alcalde-Presidente do Concello de Covelo (provincia de Pontevedra), en exercicio das funcións contempladas nos artigos 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como no artigo 61.1.s) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Considerando que as administracións públicas deben por en marcha medidas e actuacións concretas que teñan como obxectivo atender e mellorar a protección ante a perda de emprego, a eficacia na intermediación e recolocación dos/as desempregados/as e potenciar as medidas que fomenten a creación de emprego e a mellora da calidade das condicións laborais, con especial atención á formación ao longo da vida.

Con este obxectivo o Concello de Covelo proxecta desenvolver durante o ano 2025 o IX Plan Municipal de Formación para o Emprego, no que se recollen distintas accións formativas destinadas a mellorar a empregabilidade e facilitar a inserción no mercado de traballo das persoas desempregadas no municipio de Covelo. Nunha primeira fase está previsto impartir seis cursos, sendo posible desenvolver unha segunda fase que incorporaría outras accións formativas.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a 1ª Fase do IX Plan Municipal de Formación para o Emprego para o ano 2025 que recolle o desenvolvemento das seguintes accións formativas:

- **CURSO DE ACOMPAÑANTE DE TRANSPORTE ESCOLAR E MONITOR/A COMEDOR.**
 - o Total xornadas: 6 xornadas de 5 horas (30 horas).
 - o Duración do curso: Marzo de 2025 (días 24, 25, 26, 27, 28 e 31).
 - o Horario: de 09:00 horas a 14:00 horas.
 - o Lugar de impartición: Sala multiusos do edificio usos múltiples do Concello de Covelo.
 - o Número máximo de alumnos: 15.

- **CURSO DE TÉCNICAS DE ALMACÉN.**
 - o Total xornadas: 6 xornadas de 5 horas (30 horas).
 - o Duración do curso: Abril de 2025 (días 1, 2, 3, 4, 7 e 8).
 - o Horario: de 9:00 horas a 14:00 horas.
 - o Lugar de impartición: Sala multiusos do edificio usos múltiples do Concello de Covelo.
 - o Número máximo de alumnos: 15.

- **CURSO DE LIMPEZA INDUSTRIAL.**
 - o Total xornadas: 3 xornadas de 5 horas (15 horas).
 - o Duración do curso: Abril de 2025 (días 21, 22 e 23).



Concello de Covelo

- o Horario: de 9:00 horas a 14:00 horas.
- o Lugar de impartición: Sala multiusos do edificio usos múltiples do Concello de Covelo.
- o Número máximo de alumnos: 15.

- CURSO DE MANIPULADOR/A DE ALIMENTOS E ALÉRXENOS.

- o Total xornadas: 1 xornada de 5 horas.
- o Duración do curso: 28 de abril de 2025.
- o Horario: de 15:30 horas a 20:30 horas.
- o Lugar de impartición: Sala multiusos do edificio usos múltiples do Concello de Covelo.
- o Número máximo de alumnos: 15.

- CURSO DE INGLÉS XERAL COMERCIO E TURISMO.

- o Total xornadas: 16 xornadas de 2 horas (32 horas).
- o Duración do curso: Marzo de 2025 (días 25 e 27), abril de 2025 (días 1, 3, 8, 10, 22, 24 e 29) e maio de 2025 (días 6, 8, 13, 15, 20, 22 e 27).
- o Horario: de 20:00 horas a 22:00 horas.
- o Lugar de impartición: Sala multiusos do edificio usos múltiples do Concello de Covelo.
- o Número máximo de alumnos: 15.

- CURSO DE OPERADOR/A CARRETILLA ELEVADORA.

- o Total xornadas: 3 xornadas de 5 horas (15 horas).
- o Duración do curso: Xuño de 2025 (días 2, 3 e 4).
- o Horario: de 15:30 horas a 20:30 horas.
- o Lugar de impartición: Sala multiusos do edificio usos múltiples do Concello de Covelo.
- o Número máximo de alumnos: 15.

Segundo.- Aprobar as condicións de participación e as bases de selección dos participantes no IX Plan Municipal de Formación para o Emprego 2025, que son as seguintes:

1. OBXECTO

O obxecto deste procedemento de selección é establecer os criterios básicos a seguir na selección do alumnado dos cursos de formación, preferentemente para desempregados/as, encadrados dentro do IX Plan Municipal de Formación para o Emprego 2025.

2. ESPECIALIDADES FORMATIVAS

2.1.- CURSOS

CURSOS	HORA S	Nº ALUMNOS
--------	-----------	---------------



Concello de Covelo

		MÍN./MÁX.
CURSO DE ACOMPAÑANTE DE TRANSPORTE ESCOLAR E MONITOR/A COMEDOR	30 h.	5/15
CURSO DE TÉCNICAS DE ALMACÉN	30 h.	5/15
CURSO DE LIMPEZA INDUSTRIAL	15 h.	5/15
CURSO DE MANIPULADOR/A DE ALIMENTOS E ALÉRXENOS	5 h.	5/15
CURSO DE INGLÉS XERAL COMERCIO E TURISMO	32 h.	5/15
CURSO DE OPERADOR/A CARRETILLA ELEVADORA	15 h.	5/15

2.2.- PRÁCTICAS NON LABORAIS.

Nos cursos nos que se inclúe un módulo de prácticas non laborais en empresas, estas serán obrigatorias.

O alumnado que non asista ao módulo de prácticas non levará diploma aínda que asista a tódolos módulos das clases teóricas.

3. REQUISITOS MÍNIMOS PARA PARTICIPAR NOS CURSOS.

Poderán participar no proceso de selección aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar desempregadas e inscritas como tal no Servizo Público de Emprego de Galicia. No suposto que a totalidade de prazas nas accións formativas non se cubran con persoas en situación de desemprego, poderán ofertarse para súa cobertura a traballadores en activo, e se quedaran prazas, o resto dos solicitantes por orde de inscrición.
- Residir no Concello de Covelo (esta condición acreditarase mediante a comprobación no Padrón Municipal de habitantes previa autorización da consulta polo interesado). Poderán participar residentes nos concellos limítrofes si quedaran prazas vacantes non cubertas por residentes en Covelo segundo o previsto no parágrafo anterior.
- No caso de cursos conducentes á obtención de certificados de profesionalidade, os/as alumnos/as deberán cumprir os requisitos esixidos polos Reais Decretos de ditos certificados.

Estes requisitos e demais condicións para o acceso aos cursos, deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de admisión de solicitudes e han de ser acreditados xunto coa solicitude.

4. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN E CRITERIOS DE SELECCIÓN.

4.1.- CONVOCATORIA PÚBLICA.

Para o proceso de selección do alumnado procederase á convocatoria pública a través da exposición deste documento no Taboleiro de Edictos Municipais, na páxina web do Concello e a través doutros



Concello de Covelo

medios publicitarios si se considera oportuno.

Accederase o curso por orde de inscrición.

4.2.- ENTREGA DE SOLICITUDES.

4.2.1.-As persoas que estean interesadas en participar nas probas de selección deberán aportar a seguinte documentación:

- Solicitud de inscrición.
- Fotocopia do DNI.
- Copia da demanda de emprego actualizada.
- Certificado ou volante de empadramento, no caso de non autorizar á Administración a comprobar no Padrón Municipal de Habitantes do Concello de Covelo.

A documentación deberá entregarse no Rexistro das oficinas xerais do Concello de Covelo. As persoas que desexen máis información sobre as accións formativas e/ou a documentación a aportar poden poñerse en contacto con: **Concelleira de Formación e Emprego e co Auxiliar Desenvolvemento Local** Teléfono: 986 650 027 Ext 4 ou 1.

4.2.2.- Prazo de inscrición: Unha vez convocado o curso abrirase o prazo de inscrición que rematará o quinto día hábil anterior ó comezo do curso. O prazo de presentación de solicitudes poderá ampliarse en función de calquera incidencia que se produza, sempre co obxectivo de mellorar o propio procedemento e os obxectivos de formación.

4.2.3.- Rematado o prazo e presentación de solicitudes, publicarase no Taboleiro de Edictos Municipais e na páxina web do Concello a relación de candidatos admitidos, así como as persoas que queden en reserva e que poderán incorporarse ante baixas que se produzan, sempre que non houbera transcorrido o 20% das horas lectivas do curso. No caso de que a persoa seleccionada non estea interesada en realizar o curso deberá acudir ás oficinas do Concello para asinar a renuncia ao mesmo.

4.2.4.- As persoas admitidas deberán aboar o correspondente prezo público de conformidade coa Ordenanza Fiscal Reguladora do Prezo Público pola Prestación de Actividades Lúdicas, Recreativas, Culturais, Formativas e Deportivas (BOPPO nº 117 de 20 de xuño de 2019), cunha antelación máxima de dous días hábiles antes da data de inicio do curso, mediante transferencia bancaria na conta do Concello de Covelo no número ES75 2080 5420 5431 1010 0012, facendo constar a identificación do curso así como o nome da persoa que vai cursalo. Sen este ingreso decaerá no seu dereito a favor do seguinte na lista de reserva.

5. FINANCIAMENTO.

Os cursos fináncianse con cargo á aplicación orzamentaria 241.22606 do Orzamento municipal vixente por un importe de 6.110,00 €.

6. COBERTURA DO RISCO DE ACCIDENTES DO ALUMNADO.

O alumnado terá cuberto os riscos de accidentes que poderán producirse como consecuencia da asistencia aos cursos, así como na fase de prácticas non laborais nas empresas.

7. DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO



Concello de Covelo

DEREITOS DO ALUMNADO:

- A recibir a formación teórico/práctica, segundo o programa do curso.
- A recibir o material didáctico necesario para a impartición do curso.
- A recibir un diploma acreditativo cando remate o curso con aproveitamento e asistise como mínimo ao 80% das horas lectivas do curso.

DEBERES DO ALUMNADO:

- Asistir e seguir con aproveitamento o curso. Os alumnos poden ter **dúas faltas de asistencia ao mes sen xustificar**, si acumulan máis causarán baixa no curso. As faltas xustificadas e sen xustificar non poderán superar o 20% das horas lectivas, neste caso o alumno tamén causará baixa.
- Presentar os xustificantes das faltas ao docente.
- Participar no desenvolvemento das clases e non entorpecer o normal desenvolvemento do curso.
- Utilizar correctamente a maquinaria e medios didácticos, así como as instalacións onde se imparte o curso.
- Nos cursos nos que se inclúe un módulo de prácticas en empresa, estas serán obrigatorias.
- Os/as alumnos/as que non asistan ao módulo de prácticas non levarán diploma aínda que asistiran a todos os módulos de clases teóricas.

8. CURSOS CONDUCENTES Á OBTENCIÓN DE CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE.

Nos cursos conducentes á obtención de certificado de profesionalidade, os/as alumnos/as deberán pagar a taxa correspondente para a tramitación de dito certificado. Asemade, os/as alumnos/as deberán cumprir os requisitos sinalados nos Reais Decretos dos Certificados de Profesionalidade.

9. CERTIFICADO DE PARTICIPACIÓN.

O Concello de Covelo expedirá o correspondente diploma ao alumnado que finalice o curso con aproveitamento e asista ao 80% das horas lectivas (presenciais) do curso, así como ás prácticas non laborais nos cursos en que se inclúan. No diploma figurarán o número de horas, o programa do curso, os módulos transversais e as prácticas non laborais. Cando unha persoa cause baixa por colocación e non teña dereito a diploma, expediráselle un certificado de asistencia no que figurarán as horas e os módulos aos que asistiu.

Terceiro.- Aprobación do Anexo I no que se recolle o modelo oficial de solicitude de participación no IX Plan Municipal de Formación para o Emprego 2025.

Cuarto.- Ordenar a publicación da convocatoria na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Quinto.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar.

Asinado electronicamente polo alcalde, do que eu como secretario-interventor, dou fe aos efectos exclusivamente do disposto no artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional.



Concello de Covelo

O alcalde

O secretario-interventor

Juan Pablo Castillo Amigo

Jacobo Manuel Rayón Cedeira

ANEXO I

SOLICITUDE

IX PLAN DE FORMACIÓN DO CONCELLO DE COVELO 2025

NOME E APELIDOS	
DNI	
DIRECCIÓN COMPLETA	
TELEFONO (obligatorio)	
CORREO ELECTRÓNICO (opcional)	

ESTUDOS MAIS ALTOS REMATADOS:			
DESEMPREGADO	SI	NO	TEMPO APROX. EN DESEMPREGO
ESPECIFIQUE OUTRAS SITUACIÓNS (Traballando, xubilado, pensionista, estudante...)			
MARCAR OS CURSO		OBSERVACIÓNS/PROPOSTAS/SUXESTIÓNS RELATIVAS A ESTE CURSO E OS HORARIOS DE CELEBRACIÓN	
CURSO DE ACOMPAÑANTE DE TRANSPORTE ESCOLAR E MONITOR/A COMEDOR Prezo público: 12,00 € empadroados / 36,00 € non empadroados.			
CURSO DE TÉCNICAS DE ALMACÉN Prezo público: 12,00 € empadroados / 36,00 € non empadroados.			
CURSO DE LIMPEZA INDUSTRIAL Prezo público: 6,00 € empadroados / 18,00 € non empadroados.			
CURSO DE MANIPULADOR/A DE ALIMENTOS E ALÉR Xenos Prezo público: 3,00 € empadroados / 9,00 € non empadroados.			
CURSO DE INGLÉS XERAL COMERCIO E TURISMO Prezo público: 12,00 € empadroados / 36,00 € non empadroados.			
CURSO DE OPERADOR/A CARRETILLA ELEVADORA Prezo público: 6,00 € empadroados / 18,00 € non empadroados.			



Concello de Covelo

OUTRAS PROPOSTAS DE FORMACIÓN PARA SUCESIVOS CURSOS	
DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:	
	Orixinal D.N.I.
	Orixinal que acredita o/a como demandante de emprego (se fose o caso)
	Autorizo á Administración a comprobar no Padrón Municipal de Habitantes do Concello de Covelo
	Certificado de vida laboral actualizado

SINATURA:

A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN:	
	Empadroad/a
	Non empadroad/a

